

1. A actividade motriz evoluciona:

- a) Dende os actos reflexos, movementos incoordinados e con finalidade, ata os movementos coordinados e precisos dos actos voluntarios e dos automatismos.
- b) Dende os actos reflexos, movementos incoordinados e sen finalidade, ata os movementos coordinados e precisos dos actos voluntarios e dos automatismos.
- c) Dende os actos incoordinados e sen finalidade, ata os movementos reflexos e precisos dos actos voluntarios e dos automatismos.
- d) Dende os actos incoordinados e con finalidade, ata os movementos reflexos e precisos dos actos voluntarios e dos automatismos.

2. Que sentimento xurde na nena e no neno cando de xeito habitual non se satisfán as súas necesidades básicas?

- a) O apego.
- b) O desgusto e a tristura.
- c) O pateo.
- d) A cólera.

3. Quen dixo: “a zona do desenvolvemento potencial é o punto que un individuo pode alcanzar coa axuda de outros”?

- a) Bandura.
- b) Freud.
- c) Vigotski.
- d) Skinner

4. A alimentación é un proceso:

- a) Involuntario e inconsciente, non educable.
- b) Voluntario e consciente, susceptible de educar.
- c) Voluntario e inconsciente, non educable.
- d) Involuntario e consciente, susceptible de educar.

5. Cales das seguintes afirmacións son correctas con respecto ao xogo?:

- a) É a actividade propia da infancia.
- b) A finalidade do xogo é intrínseca e ten unha función catártica.
- c) É unha actividade estimulante que provoca benestar.
- d) Todas as respostas son correctas.

6. Os materiais organizaranse na aula segundo os criterios de:

- a) Accesibilidade e visibilidade, clasificación e etiquetaxe, distribución descentralizada.
- b) Accesibilidade e visibilidade, clasificación e etiquetaxe, distribución centralizada.
- c) Distribución descentralizada, invisibilidade, inaccesibilidade, clasificación e etiquetaxe.
- d) Distribución centralizada, visibilidade, inaccesibilidade, clasificación e etiquetaxe.

7. Cal é a lei que rexe actualmente a educación infantil?

- a) Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro LOGSE.
- b) Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio LOE.
- c) Lei Orgánica 3/1991, do 6 setembro LOGSE.
- d) Lei Orgánica 4/2007, do 19 decembro LOE.

8. Como se organizan as áreas de experiencias na educación infantil?

- a) Auto-coñecemento e autonomía, Coñecemento do contorno e interacción co mundo, Linguaxes: comunicación e representación.
- b) Coñecemento do contorno, Linguaxes: comunicación e representación, Identidade e autoestima.
- c) Comunicación xestual e oral, Expresión plástica e musical, O coidado persoal.
- d) Auto-coñecemento e autonomía, O medio físico e social, Linguaxes: comunicación e representación.

9. Que normativa recolle o perfil profesional do Técnico Superior en Educación Infantil?

- a) O Real Decreto 1394/2007, do 29 de outubro.

- b) A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- c) O Decreto 329/2005, do 28 de xullo.
- d) O Real Decreto 2059/1995, do 22 de decembro.

10. En relación aos criterios de organización espacial da aula, ¿con que zonas diferenciadas debe contar a aula de 0-1 ano?

- a) Zona de gateo/xogo, hixiene, descanso e preparación de alimentos.
- b) Zona de preparación de alimentos, hixiene, xogo simbólico e descanso.
- c) Zona de alfombra, movemento, hixiene e preparación de alimentos.
- d) Zona de gateo, alimentación, descanso, e estimulación.

11. Como educador/a dun centro de educación infantil de primeiro ciclo, participarás na elaboración de :

- a) O proxecto educativo de centro.
- b) Os aspectos básicos do currículo.
- c) A proposta pedagóxica baixo a supervisión dun/unha mestre/a en educación infantil.
- d) "a" e "c" son correctas.

12. Se un neno ou nena inxire unha sustancia tóxica:

- a) Darémoslle a beber leite
- b) Provocarémoslle o vómito
- c) Chamaremos inmediatamente ó Centro Nacional de Toxicoloxía ou servizo de urxencias
- d) Provocaremos o vómito e levarémolo a un servizo de urxencias.

13. En relación aos requisitos funcionais das escolas infantís, segundo a normativa vixente en Galicia, sinala a opción correcta:

- a) Non se regula a obriga de contar cun proxecto educativo.
- b) O proxecto educativo incluirá, entre os seus apartados, o tratamento lingüístico do centro que deberá acadar o desenvolvemento das capacidades das nenas e dos nenos nas dúas linguas oficiais de Galicia
- c) Regúlase a obriga de adaptar o seu funcionamento a un proxecto

educativo, pero non a obriga de incluír o tratamento lingüístico do centro.

- d) Regúlase a obriga de contar cun regulamento de réxime interno pero non de adaptar o seu funcionamento a un proxecto educativo.

14.No modelo de “folla de notificación de risco e maltrato infantil” no ámbito educativo, os subtipos de maltrato organízanse nos seguintes bloques:

- a) Maltrato físico, negligencia e maltrato psicológico.
- b) Maltrato físico, maltrato psicológico e abuso sexual.
- c) Maltrato físico, maltrato emocional, negligencia, abuso sexual e violencia entre iguais.
- d) Maltrato físico, abandono emocional e maltrato psicológico.

15.De acordo coa lexislación vixente en materia de escolas infantís, sinala a opción incorrecta:

- a) Todo o persoal de atención e coidado deberá acreditar coñecementos en primeiros auxilios.
- b) Os centros deberán subscribir unha póliza de responsabilidade civil pero non é obrigatoria a póliza de accidentes, xa que estes quedan cubertos polos seguros das propias familias.
- c) O plano de evacuación do centro deberá estar exposto en cada unha das dependencias.
- d) O persoal que manipule alimentos deberá estar en posesión do carné de manipulador de alimentos segundo a normativa vixente.

16.En canto á organización e disposición dos materiais na educación infantil, podemos afirmar que:

- 1) Ordenar e clasificar o material en áreas de actividade facilita á nena e ao neno o recoñecemento do mesmo.**
- 2) Unha correcta etiquetaxe e clasificación dos materiais favorece hábitos de ordenación e promove exercicios constantes de clasificación.**
- 3) O material ben organizado en estantes que non estean á altura das nenas e nenos favorece un uso axeitado do mesmo en cada momento.**
- 4) Hai que prever contedores que sexan de manexo sinxelo, con asas aos lados e de tamaño e peso adecuados para as nenas e os nenos.**

- a) Son correctas a 1 e a 2.
- b) Só é correcta a 1.
- c) Só é incorrecta a 3.
- d) Son todas correctas.

17. Se falamos da relación espazo-tempo na educación infantil, sinala a opción incorrecta:

- a) Os espazos e tempos deben ser flexibles e estruturados pero non pechados.
- b) Maior diversidade e alternancia de espazos e tempos enriquecen e potencian o desenvolvemento e aprendizaxe das nenas e dos nenos.
- c) Na educación infantil debemos establecer xerarquías na organización de tempos e de espazos, xa que non todos os momentos e todos os espazos poden ser igualmente importantes e educativos.
- d) Os espazos deberán organizarse tendo en conta as características do grupo de idade.

18. Se dicimos que as unidades de competencia dunha educadora ou educador infantil son :

- 1) Establecer e manter relacións fluídas coa comunidade educativa e coordinarse coas familias, o equipo educativo e outros profesionais.**
- 2) Desenvolver programas de adquisición e entramento en hábitos de autonomía e saúde, e programas de intervención en situacións de risco.**
- 3) Desenvolver recursos expresivos e comunicativos da nena e do neno como medio de crecemento persoal e social.**

Resultaría:

- a) Que só a resposta 1 é a correcta.
- b) Que só a resposta 3 é a correcta.
- c) Que son correctas as respostas 1 e 3.
- d) Que todas son correctas.

19. Que tarefas non lle corresponden á educadora ou educador infantil como membro dun equipo educativo?

- 1) A elaboración do proxecto educativo en función das características do contexto en que se vai desenvolver.**
- 2) A planificación das actividades e experiencias que aproveiten ao máximo os recursos.**
- 3) O establecemento de secuencias de traballo educativo na escola infantil e a súa duración.**
- 4) A avaliación do proxecto educativo e a introdución das modificacións que se consideren necesarias.**

- a) A número 3 non lle corresponde.
- b) A número 2 non lle corresponde.
- c) Correspóndenlle todas.
- d) A número 1 e 4 non lle corresponden.

20. Das seguintes, sinala a/s afirmación/s correcta/s referida/s á avaliación na educación infantil:

- 1) A avaliación forma parte do proceso de ensino-aprendizaxe guiándoo e reconducíndoo.**
- 2) Unha das funcións da avaliación é permitir que o/a educador/a coñeza á criatura que chega por primeira vez ao centro infantil.**
- 3) A avaliación que realiza a educadora ou o educador no é a única que ten lugar no proceso de ensino–aprendizaxe; a autoavaliación forma parte tamén do proceso.**

- a) Son correctas a 1 e a 2.
- b) É incorrecta a 3.
- c) É incorrecta a 2.
- d) Todas son correctas.

21. Dos seguintes obxectivos que se formulan, cal non se corresponde coa avaliación formativa?

- a) Axudar a atopar métodos e técnicas de traballo adecuados nos procesos de ensino e aprendizaxe.
- b) Percibir o grao de capacidade e dificultade con que a nena ou o neno vai enfrontarse ao seguinte tramo educativo.
- c) Aconsellar a modificación dos aspectos que producen disfuncións dos procesos.
- d) Obter información permanente sobre si o proceso de ensino-aprendizaxe se adapta ás necesidades ou posibilidades do alumnado.

22. O artigo 12 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, establece:

- a) O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos, salvo nos non universitarios.
- b) O galego, como lingua vehicular de Galicia, é tamén a lingua propia no ensino en todos os niveis educativos.
- c) O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.
- d) O galego, como lingua propia de Galicia, e tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos ao igual que a lingua castelá.

23. Sinala a opción incorrecta. As únicas vías de transmisión da SIDA son:

- a) Vía sanguínea.
- b) Vía salivar.
- c) Vía perinatal.
- d) Vía sexual.

24. O xogo heurístico ten dúas partes ben diferenciadas. Sinala das seguintes opcións a correcta.

- a) 1ª parte: exploración e combinación de obxectos - 2ª parte: proposta de actividades por parte do/a educador/a
- b) 1ª parte: proposta de actividades por parte do/a educador/a - 2ª parte: recollida de obxectos por parte das nenas e nenos.
- c) 1ª parte: exploración e combinación de obxectos - 2ª parte: recollida de obxectos por parte das nenas e nenos.
- d) Só hai 1ª parte: exploración e combinación de obxectos.

25. Das seguintes afirmacións respecto do cesto dos tesouros e do xogo heurístico:

- 1) Co cesto dos tesouros as criaturas aprenden soas e por si mesmas.
- 2) No xogo heurístico a educadora ou educador debe situarse na sala dun xeito estratéxico onde poida ser vista/o, movéndose o menos posible (só cando sexa imprescindible).
- 3) En ambos os dous tipos de xogo o adulto ten un papel prioritario proponendo diferentes actividades.

4) O cesto dos tesouros parte da actividade espontánea da nena e do neno mentres que o xogo heurístico non.

- a) As catro son verdadeiras.
- b) Son verdadeiras a 1 e a 2.
- c) Son verdadeiras a 1, 2 e 3.
- d) Son todas verdadeiras agás a 1.

26. As actividades que a nena ou o neno realiza para exercitar unha función en curso de maduración ou recén estreada, cun carácter basicamente físico, sensorial e psicomotor, definímolos como:

- a) Xogo funcional
- b) Xogo simbólico.
- c) Xogo de construción.
- d) Xogo de regras.

27. Unha distribución espacial por recantos, ten unhas implicacións positivas no proceso de ensino - aprendizaxe infantil, xa que:

- 1) Desenvolve a creatividade infantil, facendo do xogo o principal recurso didáctico.
- 2) Xera ambientes cálidos que permiten ás nenas e aos nenos sentirse a gusto.
- 3) Potencia a autonomía persoal e social nas nenas e nenos, e promove a responsabilidade.
- 4) Favorece a socialización e posibilita as tarefas individualizadas.

- a) Son correctas a 1, 2 e 3.
- b) Son correctas a 1, 2 e 4.
- c) Todas son correctas.
- d) Son correctas a 2, 3 e 4.

28. Que son as dislalias?

- a) Son alteracións da articulación dos fonemas
- b) Son alteracións da intensidade, o ton ou o timbre da voz debido a un trastorno orgánico.
- c) É un termo empregado para aludir á aparición e/ou desenvolvemento da linguaxe cando non existen síntomas de déficits intelectuais, sensoriais e motrices.

- d) É un trastorno da linguaxe de orixe cerebral no que hai unha dificultade ou incapacidade para a linguaxe falada.

29. Que é a zona de desenvolvemento próximo?

- a) A distancia entre a capacidade da nena ou o neno para resolver por si mesmo un problema e o nivel de desenvolvemento real.
- b) A capacidade de resolver un problema por si mesmo.
- c) A capacidade de resolver un problema coa guía do adulto e o compañeiro.
- d) Ningunha é correcta.

30. As características máis destacadas da afectividade infantil pódense concretar así:

- 1) **Á criatura aféctanlle os menores acontecementos que lle producen cambios de ánimo súbitos.**
- 2) **A vida afectiva infantil predomina sobre os procesos de razoamento.**
- 3) **Na nena ou no neno os estados afectivos son máis ricos, máis profundos, máis matizados que nos adultos.**
- 4) **Os estados de pracer e de dor das criaturas son intensos, pero rápidos, esquecendo pronto a causa que provocou tal emoción.**

- a) Son todas correctas.
- b) Son correctas a 1, 2 e 4.
- c) Ningunha é correcta.
- d) Só é correcta a 1.

31. Dentro das tarefas da familia no proceso de adaptación, non sería correcto:

- a) Visitar a escola coa criatura con anterioridade ao comezo do curso para coñecer os espazos e ao profesorado.
- b) Presentarlle a escola como ese lugar onde o vai pasar de marabilla xogando todo o tempo.
- c) Preparar ás nenas e nenos deixando que queden en ocasións con familiares, compartindo na casa doutras/os amigas ou amigos tardes de xogo con elas e eles.
- d) Preparar coa criatura as cousas que vai levar o primeiro día á escola.

32. Con respecto aos materiais e aos recursos a empregar durante o

período de adaptación é importante que teñamos en conta que:

- 1) Debemos contar con materiais suficientes, suxestivos e interesantes.**
- 2) Os materiais non deben estar ao alcance da criatura xa que de facelo provocaremos situacións de desorde que irán en prexuízo do proceso.**
- 3) A educadora ou educador terá en conta a incorporación dos elementos afectivos de cadaquén.**
- 4) É preciso establecer por consenso normas de uso común e facelas públicas para que todas e todos as poidan coñecer.**

- a) Son correctas a 1, 2 e 3.
- b) Só son correctas a 1 e a 2.
- c) Son todas correctas.
- d) Son todas correctas agás a 2.

33. A idade idónea para traballar o control de esfínteres sitúase:

- a) Entre os 18 e 22 meses.
- b) En torno aos 15 meses.
- c) A partires dos 24 meses.
- d) Entre os 14 e 16 meses.

34. Na dieta dunha nena ou neno celíaco pódese introducir algún dos seguintes alimentos:

- a) Trigo.
- b) Centeo.
- c) Arroz.
- d) Avea.

35. Son estratexias de prevención en atragoamentos e asfixia:

- 1) Impedir que as nenas e nenos menores de tres anos manipulen ou inxiran obxectos perigosos ou indutores de atragoamentos e asfixia.**
- 2) Educar ás criaturas na mastigación adecuada dos alimentos**
- 3) Procurar que o descanso dos nenos e as nenas se faga en berces de superficie branda e con almofada para que manteñan a cabeza alta.**
- 4) Evitar os xogos con bolsas de plástico ou globos.**

- a) Son correctas a 1, 2 e 3.

- b) Son todas correctas.
- c) Son correctas a 1, 2 e 4.
- d) Son correctas a 1 e a 2.

36. Para notificar un posible caso de maltrato infantil aos servizos de infancia, a escola infantil debe ter:

- a) A certeza absoluta de que existe unha situación de maltrato.
- b) Unha sospeita razoable de que existe unha situación de maltrato.
- c) Probas tanxibles de que existe unha situación de maltrato.
- d) Manifestacións evidentes e observables de que existe unha situación de maltrato infantil.

37. Como Técnico/a Superior de Educación Infantil podo exercer a miña actividade en:

- a) O primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal.
- b) Toda a etapa de infantil no ámbito non formal
- c) O sector dos servizos sociais de atención á infancia.
- d) Todos eles.

38. Supoñendo que no desempeño do teu papel profesional, a familia dun/unha alumno/a do grupo de 1-2 anos, que permanece no centro oito horas diarias, solicítache que o/a neno/a non durma na escola durante a súa xornada de permanencia, a cal dos seguintes principios terás que apelar para non acceder á dita petición?

- a) Ao principio de interdisciplinabilidade.
- b) Ao principio de independencia.
- c) Ao principio de lealdade.
- d) Ao principio do interese superior do/a neno/a.

39. A Lei 7/2004, do 16 de xuño, galega para a igualdade de homes e mulleres, establece como unha das medidas conducentes á educación para a igualdade, a adaptación do currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo ás seguintes especificacións. Señala a resposta incorrecta:

- a) A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención.

- b) O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente.
- c) A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias
- d) O obxectivo de acadar a medio prazo que todos os centros públicos contén cun cadro de profesorado paritario, é dicir, con igual número de profesoras e profesores.

40. É un obxectivo propio da estimulación motora do/a neno/a de 12 a 18 meses.

- a) Afianzar e potenciar os desprazamentos variando os puntos de apoio
- b) Estimular e favorecer a sedestación sen apoio.
- c) Fortalecer o ton das extremidades inferiores
- d) Favorecer o desenvolvemento da tonicidade do tronco.

41. A normativa actual que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo en Galicia é:

- a) A Lei 3/1983, do 15 de xuño.
- b) Decreto 247/1995, do 14 de setembro.
- c) Decreto 124/2007, do 28 de xuño.
- d) A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

42. Cal das seguintes afirmacións relativas á Permanencia do Obxecto é verdadeira?

- a) A permanencia do obxecto é algo innato e adquirese ao longo do período sensoriomotor.
- b) A permanencia do obxecto non é algo innato, senón que require experiencia previa e adquirese ao longo do período sensoriomotor
- c) A permanencia do obxecto non é algo innato senón que require experiencia previa e adquirese ao final do período sensoriomotor.
- d) A permanencia do obxecto non require experiencia previa e adquirese ao longo do período sensoriomotor.

43. Das seguintes secuencias, indica cal se corresponde coa adquisición das distintas clases de movementos:

- a) Movements reflexos, movements voluntarios, movements automáticos.
- b) Movements automáticos, movements reflexos, movements voluntarios.
- c) Movements voluntarios, movements automáticos, movements reflexos.
- d) Movements reflexos, movements automáticos, movements voluntarios.

44. Segundo Piaget, cal é a evolución dos estadios do desenvolvemento cognitivo?

- a) Período sensoriomotor, período de operacións concretas, período preoperacional , período de operacións formais.
- b) Período sensoriomotor, período preoperacional, período de operacións concretas, período de operacións formais.
- c) Período sensoriomotor, período de operacións formais, período preoperacional, período de operacións concretas.
- d) Período preoperacional, período de operacións concretas, período de operacións formais, período sensoriomotor.

45.A que idade empezan a distinguirse na nena e no neno as manifestacións de tenrura e de afecto co adulto?

- a) Entre os 3 e 4 meses.
- b) Entre os 6 e 7 meses.
- c) Entre os 8 e 9 meses.
- d) Entre os 10 e 12 meses.

46. Como educador/a dun centro de educación infantil do primeiro ciclo, participarás na elaboración do proxecto educativo, que recollerá:

- a) Os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación.
- b) A concreción do currículo.
- c) O tratamento transversal da educación en valores.
- d) Todo o das opcións anteriores.

47.A intervención na atención temperá contempla tres niveis de prevención No ámbito educativo, a “prevención secundaria” ten por finalidade:

- a) A detección de posibles necesidades educativas especiais por parte dos educadores do centro en colaboración con equipos interdisciplinares especializados.
- b) A prevención de posibles atrasos no desenvolvemento do neno ou nena e a compensación de carencias relacionadas co seu entorno.
- c) A adaptación curricular ás necesidades do neno ou nena.
- d) Ningunha delas.

48. En canto a alimentación na primeira infancia, chamamos período de transición o que transcorre entre:

- a) 4/6 - 12 meses introducindo fariña sen glute, verduras, ovos e carne sucesivamente.
- b) 4/6 - 18 meses introducindo cereais, carne, froitas e peixe sucesivamente.
- c) 4/6 - 12 meses introducindo fariña sen glute, froitas, carne e ovos sucesivamente.
- d) 4/6 - 18 meses introducindo cereais, froitas, ovos e carne sucesivamente.

49. Na alimentación dun neno ou nena celíacos, evitaremos menús nos que estean presentes:

- a) Trigo, centeo, avea e cebada.
- b) Froitas, verduras e hortalizas.
- c) Millo e arroz.
- d) O recollido na opción "a" e "c".

50. Como actuaremos ante unha pequena queimadura?:

- a) Arrefriar con auga durante un tempo e acudir a un centro sanitario
- b) Botar un antiséptico local para queimaduras.
- c) Tapar cun apósito e ir a un centro sanitario.
- d) Pinchar a vexiga e acudir a un centro sanitario

PREGUNTAS DE RESERVA:

51. O Síndrome de Munchausen por poderes, defínese como:

- a) Aquelas situacións nas que o pai, nai ou titor/a facilitan e reforzan pautas de conduta antisocial ou desviada.
- b) Aquelas situacións perceptibles polo persoal médico nas que o pai, a nai ou titor/a somete ao neno/a a continuos ingresos e exames médicos alegando síntomas físicos patolóxicos ficticios, ou xerados de xeito activo polo propio pai ou nai.
- c) Aquelas situacións nas que a persoa que ten a custodia legal e a responsabilidade do benestar do neno ou nena renuncia as súas obrigas parentais.
- d) Aquelas situacións nas que a persoa ou persoas legalmente responsable/s do coidado do neno ou da nena rexeitan sistematicamente as súas iniciativas de interacción.

52. Dos seguintes sinala cal non sería un obxectivo propio da educación infantil:

- a) Garantir a conciliación da vida familiar e laboral das nais e pais
- b) Favorecer o desenvolvemento integral dos nenos e das nenas potenciando ao máximo as súas posibilidades.
- c) Compensar as carencias do contorno
- d) Compartir coas familias a educación dos nenos e das nenas.

53. O período de incubación dunha enfermidade transmisible é:

- a) O tempo que vai dende que o xerme penetra no organismo ata que desaparecen os síntomas da enfermidade.
- b) O tempo que tarda en desaparecer a enfermidade
- c) O tempo transcorrido entre a aparición dos primeiros síntomas ata a total desaparición dos mesmos.
- d) O tempo que vai dende que o xerme penetra no organismo ata que aparecen os primeiros síntomas da enfermidade